

Entrevista:

–Despois hai aí... o garda que se desalpetrechou, que tirou co fusil e as cartucheras, ese tirouse a nado. E ese garda foi a nado i o..., i o..., o barqueiro, que era o sobriño do cura, salvou a ese garda polo dedo pulgar, colleuno polo dedo pulgar, e sacouno pa fóra, pero esa estrofa, non m'acordo dela...

–*E dis que este suceso debeu ser...?*

–Este suceso contábo Manuel [*era un criado que había na casa de meu pai; meu pai naceu en 1917, e eu dato os sucesos dos gardas civís no ano 23*] cando eu tiña... sobre oito anos; que viñeran cantalo polos Reises, e que o garda, o cabo de garda civil de Guitiriz, que llo cantaron, deulles unha peseta, que eran moitos cartos daquela, eu tiña oito anos, así que fai unhos sesenta anos.

–*E quen o cantaba? Manuel?*

–Manuel..., oeuno.

–*Os que cantaban serían os de San Breixo?*

–Non, os que cantaban esto eran os que cantaban os reises de San Breixo, e os de Roca tamén algo, pero..., alí os que cantaban os reises eran os de San Breixo, que eran os máis aficcionados, había alí... unhas tres ou cuatro cuadrillas que o cantaban..., porque San Breixo... i os de Roca levábanse ben, pero eran uns sitios bastante folclóricos, porque a festa do San Alberto, que estaba entre estas dúas parroquias e tal, tiraba moito, por esto, porque alí xuntábanse os..., xuntábanse unhos..., un cento de probes que eran os de Pino, dalí de Cospeito, viñan sen pernas, viñan coxos, viñan tal..., e estes traían os caballitos, e traían os..., estas atraccións.

–Os caballitos, daquela non habería...

–Había, sí. Eran caballitos de cadena, había que empuxalos. Eran unhas lanchas..., as lanchas eran aparte, pero os caballitos eran uns cabaliños que non se movían, iban colgados..., e había unhas lanchas que te sentabas dentro delas, e entónces..., como había que empuxarlles pa andar, pois..., pois valíanse dos cativos, e dos que..., os que íbamos unha volta empuxando ou dúas, deixábons ir unha volta, pero montabámonos en marcha e tal, eran uns cabaleiros..., que chamaban..., uns caballitos daqueles, bastante rudimentarios, pero...

–*Cántame a de... Non, sitúame antes: o muiño era o..., o de San Alberto a onde baixaron estes, non? Ou debía ser por alí...*

–Bueno, non...

–*A mín contárasme unha vez que un dos gardas tiña costume de ir xogar alí, ao muiño, ou algo así.*

–No...

–*No, isto é do crimen de Roca, aquilo que un deles tiña costume...*

–Esto..., o dos gardas de Guitiriz, do muiño, é que houbo unha tormenta, choveu e encheu o río. Entónces, non podían pasar, non podían pasar, e tiveron que vir ao muiño pa pasar. [...] Non podían pasar e tiñan que vir ao puente. E por non baixar ao puente, foron ao muiño para que os pasara o barqueiro, entendes? E aí veu o accidente.